

CURRICULUM

Jesús Rodil Rodríguez

-Comenza os seus estudos musicais co tenor e profesor da Escola de Música da Coruña Pablo Carballido del Camino,co que recibe clases de canto na actualidade.

-Obtén o título Profesional de Piano e o de Trompeta no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

-Participa en distintos cursos con trompetistas do nivel de Joaquín Soriano, Benjamín Moreno e Luís González.

-Actualmente estuda 5º curso de nivel Superior de Composiciónno Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

-Canta na Coral Infantil “El Eco” dende o ano 1996 hata o 2002, participando nas producións de Amigos da Ópera da Coruña: Turandot e Tosca (Puccini), e Carmen (Bizet).

-É socio fundador da Asociación Musical E Cultural Cantabile creada no ano 2002. Na actualidade ostenta o cargo de Presidente. Xunto a esta agrupación coral realiza xiras por España, Austria, Italia e Portugal; participa na gravación da banda sonora da película nominada aos premios Goya, “ De Profundis” e colabora como solista e como membro do coro nos duos traballos discográficos que realizaron: “Cantabile” e “Vivaldi, Obra Sacra”.

-Pertence ao Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia dende o ano 2002 hata o 2006 onde recibe clases de técnica vogal das profesoras Mª Carmen Subrido e Yolanda Montuset. Participa no repertorio sinfónico-vocal durante éstas tempadas, e intervéñ nas correspondientes xiras y edicións do Festival Mozart nas óperas: “O Rapto no Serrallo”, “Zaide” e “Don Giovanni” (Mozart) e “Il Dissoluto Punito” (Ramón Carnicer), baixo a batuta de importantes personalidades, tales como: Chistopher Hogwood, Alberto Zedda, Jesús López Cobos, Rinaldo Alessandrini e Víctor Pablo Pérez, entre outros.

-Compoñente do World Youth Choir duranteo ano 2009 co que participa nunha xira por Bélxica, Holanda, Alemania e Francia, interpretando un programa con música do século XX, baixo a dirección de Ana María Raga e Johan Duick.

-Participa como alumno activo no Curso de Música Antiga “Camino de Santiago” co contratenor Tu Shi Chiao (2003) e no Curso de Canto e Técnica Vocal na Escola Municipal de Música da Coruña coa catedrática de canto da UNAM Edith Contreras (2008).

-Acude como alumno ao Seminario de Composición de Música de Cine, celebrado no Estudo de gravación de Mans, no ano 2007, con compositores como Christopher Slaski, Nani García, Juan Bardem, Jorge Arriagada, Lucio Godoy e Angel Illarramendi, entre outros.

-Gaño 1º premio de composición do IV Concurso autonómico de creación musical do Conservatorio Xan Viaño de Ferrol (2008), no que xa conseguira o 2º premio na edición anterior.

-Destacan na súa labor compositiva o “Ave María” para coro SATB, estreado po-lo coro Cantabile na Catedral de Burgos ou “Hércules”, coa que consegue o 1º premio do I Concurso de Composición Coral da Fundación Alexandre Bóveda celebrado en Maio de 2008 no Teatro Colón da Coruña.

-Director Titular do coro Sancta María Maris da Coruña durante o curso 2007-2008.

-Director asistente do coro Cantabile de A Coruña dende a súa creación hata a actualidade.

-Imparte clases de Linguaxe Musical na Asociación Musical e Cultural Cantabile.

-Traballa como organista na parroquia de San Antonio da Coruña dende o ano 2007 hata a actualidade.